

O pasado 23 de setembro estiven na reunión da ORGACCMM, e sendo sincero, teño que dicir que saín moi decepcionado da mesma. Moito discurso político e moita iluminación pero pouco monte e pouca realidade. Esta é a miña opinión pero como dicía un amigo meu, as opinións son como os embigos todo o mundo ten un pero non lle vale para nada.

Nos guste ou non nos guste, nos pareza de conservadores ou de progres, sexamos considerados materialistas ou idealistas, mercantilistas ou ecoloxistas, ou como carallo queirades chamarlle, TEMOS QUE PELEXAR POR VENDELA MADEIRA O MAIS RÁPIDO POSIBLE E O MELLOR PRECIO POSIBLE. As razóns polas que digo esto son:

- Necesitamos que a rama da madeira estea o mais rápido posible no chan para que xunto cas follas dos pinos, eucaliptos, etc., formen un manto que impida que as escorrentas da choiva arrastren a terra. Este ano os incendios foron por copas e co temporal os pinos xa non teñen follas co que a función de paraugas practicamente desaparece, polo tanto temos que facer barreiras no propio chan e o único que temos para facelas son as ramas dos pinos.

- Necesitamos que a madeira queimada nos dea a maior cantidade posible de cartos porque se a Xunta non se fai cargo da repoboación vamos a ter que repoboar con eses cartos e no caso de que a Xunta se faga cargo das repoboacións necesitamos eses cartos para poder facelos traballos de mantemento e limpeza do repoboado, porque durante uns 15 anos non vamos a ter ingresos do que ardeu este ano pero si vamos a ter moitos gastos e senón temos recursos económicos o monte acabará abandonado coma outros montes (nin serán os primeiros nin serán os últimos).

Unha vez vendida a madeira, temos que decidir cómo queremos que sexa o noso monte (que produza madeira, que produza madeira e engorde gando, que sexa área de recreo, que produza madeira e castañas, etc., cada Comunidade ten que saber para que vale o seu monte), qué necesitamos para que o monte se manteña como nos queremos e qué temos que facer para que eso que queremos que sexa o noso monte sexa rentable no tempo para a Comunidade ou para a parroquia porque progre ou non progre só se manteñen no tempo as cousas que son rentables por moi mal que a algún lle poida soar isto.

Unha vez decidido qué queremos ser ou qué podemos ser, temos que pelexar para que a Administración (chámesese como se chame) se implique no que nos queremos que sexan os nosos montes e no que necesitamos para mantelos como nos queremos porque son os nosos montes (ou dos nosos fillos me da o mesmo) non son os montes da Administración. Mentres nos non teñamos claro que queremos ser e que necesitamos para os nosos montes, non vamos a ningún lado, todo o mundo nos comerá as papas e fará negocio a conta nosa porque o resto (madeireiros, empresas de servizos, etc.) si teñen claro o que queren e o que necesitan.

Tamén penso que para poder levar a cabo todo esto, necesitamos unha estrutura da ORGACMM profesional, profesionais que traballen o noso servizo e que miren polos nosos intereses porque entre todos si podemos manter unha estrutura profesional que vele polos nosos intereses porque agora mesmo estamos entre todos e cada un polo seu lado mantendo esa estrutura (xerente, contable, enxeñeiro, avogado, administrativo, etc. con contabilidades, solicitudes de subvención, plans de ordenación, etc.) pero esa estrutura está ó servizo doutros intereses, aínda que non soe moi progre e soe a capitalismo puro y duro: a nosa pasta defende os intereses dos demais (a min me soa a xilipollas)

Pido perdón por si o outro día ou agora alguén se sentiu ofendido polo que dixen ou polo que digo pero a miña obriga, mentres estea na Comunidade, é defender única e exclusivamente os intereses da Comunidade. Esta é a miña opinión pero como dicía o amigo meu, as opinións son como os embigos todo o mundo ten un pero non lle vale para nada.

Anxo Muñiz Iglesias
33268278C